

Pedro Rodríguez afirma que mentres a Deputación inviste para satisfacer as necesidades do rural, o alcalde de Pantón fai perder subvencións

Os socialistas reproban que o rexedor demande un maior número de investimentos cando é el mesmo o que as está a perder pola súa pésima xestión do concello e por que non está a firmar nin un só convenio, prexudicando enormemente aos veciños e veciñas

O candidato do PSOE lembra que a Deputación de Lugo nesta última lexislatura investiu case un millón de euros no municipio a través das diferentes iniciativas impulsadas polo ente provincial, o que supón un investimento de 365 euros por habitante

PANTÓN, 24 DE ABRIL DE 2015.- O candidato do PSOE en Pantón, Pedro Rodríguez, criticou hoxe a “pésima xestión” levada a cabo polo alcalde do PP en relación coa perda dos 123.000 euros de subvencións do Agader, rexeitadas por non ter presentado a tempo a documentación necesaria.

Neste senso os socialistas reproban que o rexedor demande un maior número de investimentos cando é el mesmo o que as está a perder pola súa pésima xestión do concello e por que non está a firmar nin un só convenio, prexudicando enormemente aos veciños e veciñas de Pantón.

Pola contra, Rodríguez lembra que a Deputación de Lugo nesta última lexislatura investiu case un millón de euros no municipio a través das diferentes iniciativas impulsadas polo ente provincial, o que supón un investimento de 365 euros por habitante.

Así, o candidato socialista afirma que “o aconteceu co diñeiro do Agader é unha mostra máis da xestión do actual alcalde, incapaz de cumprir coas súas obrigas. Remarcou, así mesmo, que “o goberno socialista da Deputación apoia aos veciños e veciñas de Pantón solucionando problemas”

Investimentos para o benestar da cidadanía

Neste senso, Rodríguez menciona os plans levados a cabo pola administración provincial no municipio, como son o Plan de Comunidades Veciñais que inclúe 20 obras por 75.300 euros, o plan de Obras e Servizos con actuacións por 30.950 euros, o Plan de axuda ao medio rural con 8.500 euros ou a mellora de estradas que descorren por Pantón cun investimento de 484.100 euros.

Ademais, os socialistas do concello da comarca de Lemos afirman que a Deputación está a crear emprego e a impulsar a actividade económica do municipio a través da creación de liñas de emprego e os cursos formativos gratuítos. Non queren deixar tampouco de lembrar que fronte ás políticas de que recortan os servizos á cidadanía baixo a premisa da austeridade, a Deputación está a investir para garantir os servizos sociais no municipio, como son os máis de 34.300 euros investidos na axuda no fogar.

Ante estes feitos, indica o alcaldable do PSOE, “non cabe dúbida de quen se preocupa polos veciños e veciñas de Pantón, mentres o alcalde renuncia a asinar convenios que melloren a súa calidade de vida, o PSOE actúa e demostra con feitos a seu interese polo benestar da cidadanía”.